



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1939/1102

ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓNS ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 14 DE AGOSTO DE 2025.

- 1.- **APROBACIÓN ACTAS:** acta da sesión ordinaria do 8 de agosto de 2025.

ASESORÍA XURÍDICA

- 2.- Dar conta da relación de Sentenzas e outras resolucións xudiciais. Expte. 19288/111.

CONTRATACIÓN

- 3.- Adxudicación da contratación de servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Música Folk e Tradicional (E-TRAD). Expte. 98456/332.
- 4.- Adxudicación da contratación de servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Música de Vigo (EMMV). Expte. 98455/332.
- 5.- Adxudicación da contratación de servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Danza (EMD) Expte. 98457/332.
- 6.- Cambio da responsable do contrato do servizo de mantemento e soporte de aplicacións propiedade do Concello de Vigo (2025-2030). Expte. 10538/113.

DEPORTES

- 7.- Prórroga anual do contrato baseado no Acordo marco para a contratación de determinados contratos de seguros pola Central de Contratación da FEMP: "Seguro colectivo de accidentes para a realización do programa municipal de escolas deportivas". Expte. 7512/611.

- 8.- Prórroga do contrato do subministro de dúas casetas en réxime de alugueiro para a súa colocación nas instalacións deportivas do campo de fútbol do Carballal e das pistas de atletismo en Balaídos. Expte. 24868/333.

RECURSOS HUMANOS

- 9.- Bases reguladoras da convocatoria pública para a provisión definitiva do posto de traballo de Xefatura do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento polo procedemento de libre designación. Expte. 47083/220.
- 10.- Bases reguladoras da convocatoria pública para a provisión definitiva do posto de traballo de Subxefatura do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento polo procedemento de libre designación. Expte. 47086/220.

SERVIZO DA ÁREA DE CULTURA

- 11.- Proposta de aceptación da doazón de obxectos relacionados con Fernando Quiñones de León y Elduayen e a súa esposa Maryanne Whyte. Expte. 7828/337.

SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS

- 12.- Expediente de contratación do subministro dun dron subacuático para o Servizo de prevención, extinción de incendios e salvamento. Expte. 7381/213.
- 13.- Rogos e preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión ORDINARIA na Alcaldía o día **14 de AGOSTO de 2025, ás 10,00 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1939/1102

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local comunicándolle que o expediente da convocatoria da sesión máis os expedientes incluídos na orde do día se atopan a súa disposición mediante o seu acceso electrónico na xestión de expedientes.

Así mesmo, notifíquese á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdeG-PSOE e publíquese na sede electrónica do Concello de Vigo aos efectos do público coñecemento.

PSD/me.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez